

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

Programa do Bono das persoas autónomas (TR341Q)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

AXUDA PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Axudas económicas para persoas autónomas e microempresas que cumpran os requisitos fixados na Orde de convocatoria (apartado 4 desta ficha resumo), e destinadas a sufragar parte dos custos en investimentos directamente relacionados coa realización da súa actividade empresarial, e detallados na Orde de convocatoria e no apartado 8 da presente ficha resumo.

3. TIPOS DE APOIO

Subvencións a fondo perdido en réxime de concorrenza non competitiva, tramitándose as solicitudes por orde de prelación ata o esgotamento do crédito dispoñible

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

- PERSOAS AUTÓNOMAS que estean dadas de alta no RETA ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio fiscal en Galicia, que na data da solicitude teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional, e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros IVE engadido, na declaración referida no ano 2021.
- AS SOCIEDADES de calquera clase e COMUNIDADES DE BENS con domicilio fiscal en Galicia, e que na data da solicitude, teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización duna actividade empresarial ou profesional, e que non fose beneficiaria con anterioridade desta axuda e que non presentase nesta convocatoria outra solicitude como persoa autónoma individual ou societaria. A empresa deber ter ademais unha facturación mínima de 12.000 euros IVE engadido na declaración do ano 2021, e a empresa debe ter unha base imponible no imposto de sociedades da declaración referida no ano 2021 inferior a 30.000 euros (recadro 552 imposto de sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas, este importe de 30.000 euros refírese ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros da entidade solicitante (modelo 184)

- EXCLUIDOS DESTA ORDE: Os familiares que de xeito habitual realicen traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas e non teñan a condición de persoas traballadora por conta allea; As persoas que cobrasen a axuda do bono das persoas autónomas nalgunha das anteriores convocatorias

5. SECTORES INCENTIVABLES

PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

Estar dados de alta no RETA ou en mutualidade de colexio profesional, cumprir todos os requisitos esixidos pola Orde de convocatoria para poder ser beneficiarios desta axuda, realizar os investimentos entre a data do 01/01/2023 e a data de solicitude desta axuda; A xustificación da axuda realizarase ao mesmo tempo que a solicitude, presentando toda a documentación para solicitar a axuda do artigo 14 da Orde así como a esixida polo artigo 18 ap. 8 da Orde de convocatoria para xustificar estas axudas.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E EMPRESAS QUE CUMPRAN OS REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIAS FIXADOS NESTA ORDE.

OS INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES SERÁN OS SEGUINTE (os gastos deben realizarse entre o 01/01/2023 e a data de solicitude da axuda)

- Compra de maquinaria
- Compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utensilios e ferramentas
- Reforma do local de negocio
- Equipamento informático
- Equipamento de oficina e/ou negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas
- Deseño de marca

No caso de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, a persoa beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a 5 anos en caso de bens inscribibles nun Rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

No caso de reforma de local de negocio, exclúese destas axudas o domicilio habitual do autónomo excepto no caso que quede acreditado que é imprescindible para o desenvolvemento do negocio.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

As persoas beneficiarias destas axudas poderán beneficiarse dunha subvención do 80% da actividade subvencionable, cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables e o resto do gasto será por conta da persoa beneficiaria.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Prazo de presentación de solicitudes iniciase o 25/01/2023 e remata o 29/09/2023

A xustificación da solicitude desta subvención realizarase coa presentación da solicitude (artigo 18.8 da Orde de convocatoria)

A SOLICITUDE DEBERÁ PRESENTARSE VÍA ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (<https://sede.xunta.gal>)

Unicamente é válida unha solicitude por persoa ou empresa

Para a presentación telemática será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. INCOMPATIBILIDADES

En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta Orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, supere o 80% do custo da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario

Estas axudas serán incompatibles coas axudas que polos mesmos conceptos e gastos poidan outorgar as administracións públicas, agás a outorgadas polo Igape dentro do programa Re-acciona convocado para o ano 2023.

Estas axudas son incompatibles polos mesmos conceptos subvencionables, coas axudas para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais convocadas para o ano 2023.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Orde do 9 de xaneiro de 2023 (DOG 24 de xaneiro do 2023) (TR341Q)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

A competencia para coñecer e resolver estas axudas será da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

14. OBSERVACIÓNS

FEDERACION
GALEGA DE
COMERCIO

